

XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL COMPLEMENTARIA

Esta xustificación é complementaria a presentada perante a dirección xeral da Función Pública o pasado 8 de febreiro de 2019.

En relación coa creación do posto de xefe de sección calidade edificación adscrito a dirección técnica de solo, edificación e calidade:

Na proposta de modificación da relación de postos de traballo do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS), aparece o posto de xefe de sección calidade edificación de código MAO110000415770052 con subgrupo A1 A2 e corpo/escala EMA/ESA, referido a ser ocupado por Arquitecto técnico ou Arquitecto.

Valorados os requisitos deste posto chegouse a conclusión de que para o mellor desenvolvemento das funcións do mesmo resulta moito máis axeitado que figure con subgrupo A2 e corpo/escala EMA especial escala para arquitectos técnicos.

Motivo que xustifica esta rectificación:

A Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación establece no artigo 13 o seguinte:

1. “O director de execución da obra e o axente que, formando parte da dirección facultativa, asume a función técnica de dirixir a execución material da obra e de controlar cualitativa e cuantitativamente a construción e a calidade do edificado

2. Son obrigas do director de execución:

a) Estar en posesión da titulación académica e profesional habilitante e cumprir as condicións exixibles para o exercicio da profesión....

Cando as obras a realizar teñan por obxecto a construción de edificios para os usos indicados no grupo a) do apartado 1 do artigo 2, a titulación académica e profesional habilitante **será a de arquitecto técnico.**

O artigo 2.1 a) establece o ámbito de aplicación para o proceso de edificación, entendendo por tal a acción e o resultado de construír un edificio de carácter permanente, público ou privado, cuxo uso principal esté comprendido entre outros no seguinte grupo:

a)...residencial en todas as súas formas

Detalle das obrigas que lle corresponde ao director da execución de obra (Arquitecto técnico):

- Verificar a recepción en obra dos produtos de construción, ordenando a realización de ensaios e probas precisas
- Dirixir a execución material da obra comprobando os replanteos, os materiais, a correcta execución e disposición dos elementos construtivos e das instalacións, de acordo co proxecto e coas instrucións do director de obra.
- Colaborar cos restantes axentes na elaboración da documentación da obra executada, aportando os resultados de control realizado.

Por outro lado, tratase dun posto que non se está ocupando por A1 Arquitecto, polo feito de que a maioría de prazas destinadas a este colectivo, levan aparelado un nivel mínimo 26. Ademais as funcións de control de calidade na edificación, correspóndenlle a un arquitecto técnico como director de execución de obra.

En consecuencia, dende o IGVS, propónse modificar o subgrupo e corpo/escala deste posto de traballo de nova creación incorporando na proposta de modificación da relación de postos de traballo o seguinte:

MAO110000415770052 xefatura sección calidade edificación 25 12497,80 C **A2 EMA AXG 168**



En relación co posto base subgrupo C2 adscrito a area provincial do IGVS de Ourense:

Por outro lado indicar tamén, que se eliminen as observacións do posto de código MAO191000032001011 Posto base subgrupo C2 adscrito a área provincial do IGVS de Ourense por xubilación da titular. Procede en consecuencia eliminar as observacións de “ocupado laboral fixo”

RESUMO:

Creación do posto de xefe de sección calidade edificacións adscrito a DT de Solo, edificación e calidade ss cc:

Codigo posto	denominación	niv	Complemento específico	Form prov	Subgr	Corpo /escal	Adscr Adm. Pública	Formación específica
MAO110000415770052	Xefatura secc calidade edificación	25	12.497,80	C	A2	EMA	AXG	168

Eliminar observacións dun posto base subgrupo C2 da área provincial do IGVS de Ourense:

Codigo posto	denominación	observacións	
		actuais	propos
MAO191000027001021	Posto base subgrupo C2	Ocupado laboral fixo	Eliminar observacións

Significar tamén que a modificación da relación de postos de traballo do Instituto Galego da Vivenda e Solo que se pretende realizar, non supón incremento de gasto de capitulo I de gastos de persoal.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2019
 O director xeral do IGVS
 Heriberto García Porto

